

## **INSTRUCCIÓN NÚMERO 12/2023, do 5 de outubro de 2023, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de pagamentos dos concertos educativos.**

### 1. NORMAS XERAIS

#### 1.1. Ámbito de aplicación.

A presente Circular é de aplicación a todos os centros privados concertados situados na Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial e ciclos formativos de formación profesional específica, e a todo o persoal docente que presta servizo nestas etapas.

#### 1.2. Retribucións no pagamento delegado.

A todo o persoal con contrato de traballo por conta allea incluído na nómina de pagamento delegado, seralle de aplicación o contemplado no “Convenio colectivo de empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos”, vixente en cada momento, ou calquera outro Convenio que substitúa aos anteriormente citados, sexan de carácter estatal ou autonómico. Aboaranse as retribucións do profesorado en función da contía dos módulos fixados na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou, no seu defecto, na Lei de Presupostos Xerais do Estado.

As retribucións do profesorado que preste servizos nos centros concertados sen teren relación contractual de carácter laboral coa entidade titular do centro serán equivalentes ás establecidas para o persoal con relación laboral.

#### 1.3 Número de horas lectivas concertadas.

As horas lectiva semanais que se aboarán en pago delegado por cada unidade concertada pagaranse de acordo coa rateo de profesor por unidade establecida nos módulos económicos aprobados na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou, no seu defecto, na Lei de Presupostos Xerais do Estado, e concretarase cada ano mediante un escrito instrución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Por conseguinte, o número máximo de horas lectivas máximas incluídas no concerto será o resultado da seguinte operación:



Nº de unidades concertadas x rateo de cada ensinanza

A relación profesor ou profesora por unidade dos centros concertados poderá ser incrementada en función do número total de profesorado afectado polas medidas de recolocación acordadas pola consellería de educación e os representantes do sector nos acordos asinados con esta finalidade.

Neste cómputo non está incluído o persoal substituto.

#### 1.4. Pagamento delegado.

A Consellería competente en materia de educación aboará mensualmente os salarios ao persoal docente dos centros privados concertados, como pagamento delegado, en nome das persoas ou entidades titulares dos mesmos, mediante as oportunas relacións de perceptores, confeccionadas tendo en conta a información facilitada polas direccións dos propios centros. Esta información será facilitada á xefatura territorial da Consellería competente a través da aplicación “centrosprivados”, na web [edu.xunta.gal/centrosprivados](http://edu.xunta.gal/centrosprivados).

#### 1.5. Proposta de distribución horaria.

No inicio do curso escolar todos os centros estarán obrigados a cumprimentar, antes do día que marque o calendario de aplicación de setembro na aplicación informática “centrosprivados”, a relación nominal do persoal docente do centro, facendo constar a materia ou materias que imparte cada docente, así como se é unha nova alta na relación de perceptores ou xa forma parte da mesma, indicando asemade a “proposta de distribución horaria para pagamento delegado”.

A aplicación informática, que incluírá un apartado para “observacións”, efectuará o control horario, de tal xeito que non permitirá ningunha proposta que supere o número de horas que para cada centro e etapa educativa resulten do establecido no apartado 1.3 da presente Circular.

Para estes efectos, cada curso académico, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos incluírá na aplicación “centrosprivados” as unidades concertadas de cada centro educativo, indicando etapa educativa ou Ciclo e a rateo profesor/unidade que correspondan en cada caso.

Na aplicación informática poderase incluír tamén como horas lectivas ás correspondentes á función directiva ou outras funcións cando así o determine a persoa directora do centro, de acordo co artigo 26 parágrafo 5º do VII Convenio Colectivo da Ensinanza Concertada.

Nos restantes meses do curso só será necesario que os centros aporten as modificacións relativas ao persoal perceptor afectado por altas, baixas ou calquera outra modificación. Esta



información efectuarase a través da aplicación “centrosprivados”. A documentación xustificativa achegarase no apartado de documentación da aplicación informática.

#### 1.6. Total de xornada no pagamento delegado

Confeccionarase un único pagamento delegado por cada persoa que preste servizos nun mesmo centro educativo. Cando unha persoa preste servizos en máis dunha etapa educativa, para a elaboración do pagamento delegado terase en conta o número de horas de cada etapa e o salario/hora de cada etapa educativa. Con esta finalidade, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos efectuará as modificacións correspondentes na aplicación informática e comunicará ao CIXTEC cada variación nas horas ou no salario.

En ningún caso, un profesor superará en pagamento delegado unha xornada completa, establecida na actualidade en 25 horas lectivas, agás no suposto de persoal docente que preste servizos en máis dunha empresa educativa. Neste caso, terá unha nómina de pagamento delegado por cada empresa.

## 2. SEGURIDADE SOCIAL E IRPF.

### 2.1. Prazo de presentación.

Segundo establece o artigo 39 do Regulamento de Normas Básicas sobre Concertos Educativos (R.D. 2377/1985, do 18 de decembro, BOE do 27 de decembro) “A administración, ao aboar os salarios ao persoal docente dos centros concertados, efectuará e ingresará no Tesouro as retencións correspondentes ao imposto sobre a renda das persoas físicas. Así mesmo, realizará o ingreso das oportunas cotizacións da Seguridade Social”. Para o cumprimento das ditas obrigas por parte da Administración educativa, os centros deberán presentar na xefatura territorial correspondente da Consellería, con polo menos dez días naturais de antelación ao prazo regulamentariamente establecido para o aboamento, a seguinte documentación:

- Modelo 111 para o IRPF
- Recibo de liquidación de cotizacións (RNC e RLC) para a Seguridade Social.

Os centros presentarán un único impreso de liquidación, con independencia de que teñan unha ou máis etapas educativas concertadas, a través de correo electrónico, con acuse de recepción.



## 2.2. Bonificacións.

Na formalización dos contratos de persoal en pago delegado os centros acolleranse, sempre que sexa posible, a calquera tipo de bonificacións ou incentivos á contratación, agás as derivadas de accións formativas, que afecten ás cotas de Seguridade Social do persoal docente concertado, respectando a liberdade das empresas para aplicar os diferentes tipos de contrato válidos para o referido persoal. No caso de formalizar contratos non bonificados, o centro achegará unha declaración responsable expoñendo as razóns que motivan a contratación.

O parágrafo anterior non será de aplicación a contratación ou ampliación de contrato do profesorado que xa presta servizos no propio centro.

## 2.3. Prazo para xustificar a Seguridade Social e o IRPF.

Os centros xustificarán a Seguridade Social do profesorado sen relación laboral coa entidade titular semestralmente, cos correspondentes recibos aboados polo profesorado concertado, nos meses de FEBREIRO e AGOSTO.

A cantidade aboada por este concepto non superará o tipo de cotización ao RETA establecido cada ano nas normas de cotización á Seguridade Social, segundo a base de cotización que o profesorado concertado xeraría de acordo coas súas retribucións de nómina.

No caso do profesorado relixioso, a Administración educativa asumirá o aboamento dos recibos de RETA, SERAS ou OUTRA ENTIDADE, sempre que a suma dos recibos non supere o tope anteriormente citado.

Toda a documentación xustificativa remitirase a través da aplicación.

Dada a complexa casuística detectada no aboamento deste tipo de seguros, establécense as seguintes aclaracións:

a) Para os efectos de cálculo tomarase sempre como referencia a base de cotización que o traballador autónomo xeraría na nómina de pagamento delegado segundo o total das súas retribucións mensuais, máis o rateo das pagas extraordinarias (normalizado segundo establece a Seguridade Social na súa normativa). A esta base calcularáselle a porcentaxe fixada nas normas da Seguridade Social, e este importe considérase como máximo a pagar.

b) Se o docente figura en varias etapas, computaranse tódalas súas retribucións para os efectos de calcular unha única base, e aboaráselle os seguros tendo en conta esa base e nunha única etapa.



c) Non se pagará máis importe que o xustificado documentalmente mediante os recibos correspondentes.

d) Se un profesor ou profesora pagase un recibo superior ao que lle corresponda segundo o contemplado nos apartados a) e/ou b), aboaráselle o calculado neses apartados.

e) Se un profesor ou profesora pagase menos do contemplado nos apartados a) e/ou b) aboaráselle o realmente pagado.

Se o persoal relixioso, pola contía que cobra na relación de perceptores de pagamento delegado, non xera un monto equivalente suficiente para aboarlle a contía mínima que establece a normativa da Seguridade Social, e este profesor ou profesora estivese a pagalo, as xefaturas territoriais pagarán o importe do ou dos recibos mínimos.

En todo caso hai que lembrar, que no referido ás obrigas de liquidar a Seguridade Social e IRPF, o responsable do incumprimento das obrigas de altas, baixas e liquidacións é o titular do centro (artigo 36 do regulamento de Normas Básicas sobre Concertos Educativos antes referenciado), polo que en ningún caso as xefaturas territoriais aboarán recarga por mora, agás que a mora se debera a o funcionamento da administración educativa sen ningunha responsabilidade do centro educativo.

O prazo de reclamación para cantidades aboadas en concepto de IRPF, Seguridade Social e autónomos do profesorado en réxime de concerto será o legalmente establecido. De realizarse a reclamación no prazo de seis meses, tramitarase pola xefatura territorial correspondente. Transcorrido este prazo a reclamación xestionarase ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, logo do informe da xefatura territorial.

Efectuados os ingresos sinalados neste apartado, a xefatura territorial remitirá aos centros a documentación acreditativa de terse realizado o ingreso para a súa constancia, quedando copia da mesma na xefatura territorial para os efectos das oportunas xustificacións.

#### 2.4. IRPF

A todo o persoal incluído na nómina de pagamento delegado, agás ao persoal relixioso que preste servizos docentes, aplicaráselle a retención polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas que comunique a entidade titular do centro, a través da aplicación “centrosprivados”.

Os centros dunha mesma entidade titular terán a consideración de empresas diferentes, se teñen distinto N.I.F.



### 3. RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DOCENTE CONCERTADO.

#### 3.1. Xornada lectiva.

O número de horas lectivas de dedicación horaria no pagamento delegado terá que coincidir co número real de horas da xornada lectiva no centro en cada unha das etapas concertadas.

O número de horas lectivas en cada unha das etapas educativas concertadas non poderá modificarse durante o curso escolar, salvo causa xustificada.

#### 3.2. Conceptos retributivos.

Os conceptos retributivos afectados polo procedemento de pagamento son os seguintes:

##### a) Soldo.

Aboarase en función da xornada lectiva realmente impartida en cada etapa educativa, non permitindo fraccións de hora.

##### b) Trienios.

Aboaranse inicialmente os trienios en función da data de ingreso do persoal docente no centro concertado no que presta servizos, e da data de cumprimento do último trienio. Esta información será facilitada polo centro a través da aplicación informática de pago delegado. Posteriormente, a través da aplicación informática, aboaranse automaticamente os trienios que se vaian cumprindo en función dos servizos prestados no mesmo centro.

A formalización dun novo contrato de traballo nouro centro privado concertado implica a perda do dereito a percibir os trienios perfeccionados no centro no que se cesa, agás nos casos de pluriemprego.

Ao persoal relixioso aboaráselle 6 trienios con independencia da antigüidade real no centro, sen prexuízo de que en cumprimento do Acordo sobre Profesorado Relixioso en Centros Privados Concertados, suscrito o 19 de setembro de 1991, se revise a media de trienios devengados por ese profesorado.

##### c) Complemento de dirección.

Aboarase ao persoal docente que cumpra os requisitos especificados pola Lei para o seu nomeamento.



Os efectos económicos serán do día do nomeamento, agás que expresamente se indique que ten efectividade do día 1 do mes seguinte. No caso de cese, os efectos económicos serán do día do cese, agás que expresamente se indique que os efectos son do derradeiro día do mes.

Para ter dereito a cobrar complemento de dirección o centro deberá ter polo menos 6 unidades na educación primaria, 5 unidades en centros de educación especial, 5 unidades en centros de Formación Profesional específica, ou 4 unidades en Educación Secundaria Obrigatoria, podendo sumarse na Formación Profesional as unidades dos ciclos formativos de grao medio e superior e a Formación Profesional de Grao Básico dun mesmo centro para os efectos de aboamento deste complemento.

Naqueles centros integrados por máis dunha etapa educativa, a dirección percibirá, mentres exerza o seu cometido, a gratificación temporal sinalada para a etapa educativa superior concertada que exista no centro.

En todo caso só se aboará un complemento de dirección por centro.

A información sobre altas e baixas na dirección dos centros educativos facilitarase por estes ás xefaturas territoriais a través da aplicación “centrosprivados”. A aplicación informática controlará que só haxa un complemento de dirección por centro.

d) Trienio de complemento de dirección.

Farase efectivo ó vencemento do trienio como director ou directora.

Os conceptos salariais contemplados nos apartados c) e d) considéranse complementos funcionais temporais, polo que serán aboados mentres a persoa desempeñe o cargo, e, en ningún caso, poderán serlle aboados simultaneamente a varias persoas no mesmo centro, ou repartilos entre varios profesores ou xerar dereitos de liquidación.

e) Complemento de xefatura de estudos.

Aboarase ao profesorado que, figurando na nómina de pago delegado, cumpra os requisitos especificados pola Lei para o seu nomeamento.

No caso de nomeamento de xefe ou xefa de estudos, os efectos económicos serán do día do nomeamento, agás que expresamente se indique que ten efectividade do día 1 do mes seguinte. No caso de cesamento, os efectos económicos serán do día do cese, agás que expresamente se indique que os efectos son do derradeiro día do mes.



Os requisitos para ter dereito a cobrar o complemento de xefatura de estudos serán os mesmos que se esixen para a percepción do complemento de dirección. Naqueles centros integrados por máis dunha etapa educativa, a persoa titular da xefatura de estudos percibirá, mentres exerza o seu cometido, a gratificación temporal sinalada para a etapa superior concertada que exista no centro.

En todo caso só se aboará un complemento de xefatura de estudos por centro.

A información de altas e baixas na xefatura de estudos dos centros educativos facilitarase por estes ás xefaturas territoriais a través da aplicación informática “*centrosprivados*”. A aplicación controlará que só haxa un complemento de xefatura de estudos por centro, a qué centros non se lles aboará complemento de xefatura de estudos.

f) Trienio de xefatura de estudos.

Farase efectivo ó vencemento do trienio como xefe ou xefa de estudos.

Os conceptos salariais contemplados nos apartados e) e f) considéranse complementos funcionais temporais, polo que serán aboados mentres o docente desempeñe o cargo. En ningún caso poderán serlle aboados simultaneamente a varias persoas no mesmo centro, ou repartilos entre varias ou xerar dereitos de liquidación.

Non se aboará ningún outro tipo de complemento por función directiva distinto dos complementos de dirección e de xefatura de estudos ao persoal docente dos centros concertados, sendo por conta das empresas o pago por calquera outra categoría, concepto ou indemnización contemplado na lexislación ou libremente pactado entre o traballador e a empresa.

### 3.3. Pagas extraordinarias.

As pagas extraordinarias aboaranse en función da data de ingreso na nómina de pagamento delegado, e serán calculadas en función das retribucións que perciba o profesor ou profesora durante o período de cálculo. O cálculo farase por semestre. En caso de existir modificación de xornada durante o período de cálculo, a paga extraordinaria aboarase proporcionalmente aos períodos e ás diferentes retribucións.

### 3.4. Complemento retributivo autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Aboarase na contía estipulada en cada momento.

### 3.5. Complemento de equiparación de licenciados.





O Complemento de equiparación do salario dos licenciados que imparten as ensinanzas de primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria e o complemento de equiparación dos trienios dos licenciados que imparten as citadas ensinanzas aboaranse na contía estipulada en cada momento.

Este complemento resultará de aplicación ao profesorado que imparta estas ensinanzas de primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria que posúa o título de Arquitecto superior, enxeñeiro superior ou titulacións equivalentes, o título de grao ou un título superior de ensinanzas artísticas equivalente ao título universitario de grao.

### 3.6. Importes dos conceptos retributivos.

Os importes dos distintos conceptos retributivos publicaranse ao inicio de cada ano como Anexo da presente Circular, e sempre que se produzan variacións nos mesmos.

### 3.7. Descontos.

a) Para proceder ao desconto de cantidades na nómina de salarios por folga, permiso non retribuído, falta de asistencia ao traballo, retención xudicial, embargo ou sanción, será necesaria a previa comunicación por escrito por parte da titularidade do centro a través da aplicación “centrosprivados” á xefatura territorial correspondente da Consellería competente a través da páxina web. A persoa responsable da sección de centros da xefatura territorial tramitará a través da aplicación informática o desconto correspondente, unha vez recibido o escrito e a documentación xustificativa do desconto.

b) En ningún caso se descontará por anticipado a parte proporcional das pagas extraordinarias afectadas, tendo que ser descontada esta parte no momento de aboamento destas pagas extraordinarias.

### 3.8. Vacacións.

As xefaturas territoriais aboarán a parte proporcional das vacacións se a dirección do Centro certifica que:

a) O traballador non continúa prestando servizos no centro.

b) O traballador non teña gozado vacacións no período traballado; en caso de ter gozado parte, aboarásele a diferenza.

c) Ao traballador non lle foi abonada polo centro liquidación por este concepto.



Para determinar o número de días de vacacións a gozar ou compensar economicamente en caso de cese, o cómputo realizarse do 1 de setembro ao 31 de agosto e non por anos naturais.

A liquidación de vacacións cotiza á Seguridade Social.

### 3.9. Orientador educativo da educación secundaria obrigatoria.

De conformidade co que se estableza na correspondente Lei de Presupostos Xerais do Estado e, se é o caso, na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, aos centros que impartan os catro cursos da educación secundaria obrigatoria dotaráselles do financiamento dos servizos de orientación educativa a que se refire o artigo 26.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

### 3.10. Retribucións do persoal complementario.

Os gastos de persoal complementario dos centros privados que teñan unidades concertadas de educación especial refírense aos salarios do persoal cualificado (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialista en audición e linguaxe educador e coidador/a), incluídas as cargas sociais, antigüidade e pagas extraordinarias.

Os pagamentos que se realicen aos centros en cómputo anual non poderán exceder do módulo económico establecido na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou subsidiariamente na Lei de presupostos xerais do Estado. A contías correspondentes aboaranse mensualmente aos centros.

As pagas extraordinarias deste persoal poden ser xustificadas nos meses que corresponden ao seu aboamento (xuño e decembro), ou rateadas ao longo do curso escolar.

Os titulares dos centros presentarán na xefatura territorial correspondente da Consellería competente en materia de educación a xustificación das cantidades abonadas en concepto de persoal complementario durante o ano natural, consistente no RNT e RLC e acreditación do seu pagamento, na data que fixe a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no seu defecto, ENTRE O 1 E O 31 DE XANEIRO do ano seguinte.

O persoal complementario poderá incluírse na aplicación “*centrosprivados*”. Cando haxa modificacións incluíranse os cambios na aplicación informática e achegarse á xefatura territorial copia do contrato.



## 4. SUBSTITUCIÓNS

### 4.1. NORMAS XERAIS

Para poder interpretar os apartados posteriores, considérase persoal docente substituto aquel que, desenvolvendo labor docente nun centro concertado, ocupa a praza dun traballador con dereito a reserva do seu posto de traballo.

Para o nomeamento de persoal docente substituto estarase o establecido na LODE, na LOE e no Convenio Colectivo e demais normas laborais de aplicación.

a) Os substitutos cobrarán o soldo e pagas extraordinarias que lles correspondan segundo as horas impartidas.

b) Salvo as excepcións que poidan contemplarse nos apartados seguintes, non se admiten en pago delegado a cobertura de baixas que teñan unha previsión de duración inferior a 15 días naturais. Ao persoal docente substituto aboaráselle os días realmente traballados, que poden ser inferiores a 15 días.

c) Aboarase a substitucións ata a incorporación do titular.

d) Non se tramitarán altas de substitutos despois do 10 de xuño. Tampouco se tramitarán altas de substitutos con menos de 10 días naturais de antelación ao inicio dos períodos non lectivos de das vacacións escolares de Nadal e de Semana Santa.

Non resultará de aplicación este parágrafo cando a alta do substituto recaia nunha persoa que xa está prestando servizos no centro e o motivo da baixa e nova alta veña derivada pola obriga legal de formalizar un novo contrato de traballo. ( A modo de exemplo, titular que ten suspensión do contrato por risco no embarazo que pasa a suspensión do contrato por nacemento).

e) Non se poderán aboar substitucións para cubrir vacacións dun profesor titular fóra do período legalmente establecido, agás cando non as puidera gozar por nacemento, acumulación de horas de permiso para coidado de bebé lactante ou incapacidade temporal (IT)

f) Para a tramitación da alta en nómina do persoal substituto, na aplicación informática deberá relacionarse co DNI do profesor ou profesora substituído, adxudicándolle por defecto, o mesmo número de horas que o profesor titular. Se o centro establece outro horario, en ningún caso será superior ao que tiña o profesor titular.



## 5. PERMISOS

### 5.1. PERMISO POR NACEMENTO

A suspensión do contrato nos supostos contemplados no artigo 48.4 do ET darán lugar á baixa na relación de perceptores de pago delegado. A duración do permiso axustarase á normativa vixente en cada momento.

A baixa total por esta causa na relación de perceptores de pago delegado non suporá aboamento de liquidación algunha, téndose que detraer das pagas extraordinarias o importe correspondente aos días que dure o permiso.

A suspensión do contrato por este suposto non suporá interrupción na súa situación de alta na Seguridade Social, sendo por conta das xefaturas territoriais correspondentes o aboamento das súas cotizacións á Seguridade Social, mentres dure o permiso e non se produza a extinción da relación contractual coa empresa.

No suposto de que de a suspensión do contrato por nacemento coincida co mes de vacacións establecido no calendario laboral da empresa, a persoa afectada e a empresa acordarán unha nova data de goce dos días de vacacións coincidentes coa suspensión por nacemento. Este dereito non se estende ao suposto de coincidencia da suspensión por maternidade con calquera

outro período de vacación escolar ou sen actividade docente, conforme se regula no vixente Convenio Colectivo.

O permiso por nacemento tramitarase como LM.

Igualmente procederá a suspensión do contrato nos supostos de adopción, garda con fins de adopción e de acollemento, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, de conformidade co establecido na lexislación vixente (artigo 48 apartados 5 e 7 ET e Convenio Colectivo).

Nos casos de desfrute fraccionado do permiso por nacemento, a administración asumirá integramente o custe da persoa substituta sen aplicar o período de carencia de 15 día regulado no apartado 4.1 b) desta circular.

### 5.2. ACUMULACIÓN DE HORAS DE PERMISO PARA COIDADADO DO BEBÉ LACTANTE.

Resultará de aplicación o establecido no artigo 44 do VII Convenio Colectivo de empresas de ensinanza privada sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, e no Acordo do 30/08/2007



asinado nesta Comunidade Autónoma. A administración educativa asumirá o custe da substitución por este motivo ata un máximo de 28 días naturais. No suposto de parto múltiple o permiso ampliarase en 28 días naturais máis a partir do segundo fillo ou filla.

Non caberá o goce do permiso por acumulación das horas de lactación con carácter previo e inmediatamente anterior ao goce dunha excedencia especial para coidado de fillo ou filla. De solicitarse a excedencia despois de gozar desta acumulación, reclamarase ao docente a devolución das retribucións indebidamente percibidas por este permiso.

### 5.3. PERMISO PARENTAL

De conformidade co regulado no artigo 48.bis do ET, cando se produza o desenvolvemento regulamentario, o persoal que reúna os requisitos sinalados poderá gozar do permiso parental. A administración educativa asumirá o custe desta substitución de conformidade con establecido no apartado 4.1 b), asumindo o custe das substitucións a partir do undécimo día.

### 6. CÓMPUTO DA XORNADA

A xornada lectiva no pago delegado aboarase sempre por horas completas, sen que se admitan fraccións de hora.

### 7. DATOS DO CENTRO.

A aplicación informática funcionará co código oficial do centro. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos incluírá, conforme ao establecido na presente Circular, os etapas educativos concertadas así como o número de horas de cada unha. Nas ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria distinguirase entre ensinanzas de primeiro e segundo curso e de terceiro e cuarto curso.

### 8. DATOS PERSOAIS DO PERSOAL DOCENTE.

Serán cubertos inicialmente por cada centro educativo na aplicación “centrosprivados”. Entre eles, necesariamente, figurará unha dirección de correo electrónico para que o CIXTEC envíe, cando proceda, a información de nómina. Tamén figurarán os datos necesarios para a elaboración da nómina de pagamento delegado, como o código do tipo de contrato (segundo a codificación que establece a Seguridade Social), grupo de tarifa e epígrafe, o número da seguridade social, base de pluriemprego, cando sexa o caso, base de autónomos para estes traballadores e datos bancarios.



## 9. DATOS ECONÓMICOS DO PERSOAL DOCENTE.

Os centros educativos indicarán o IRPF a aplicar a cada docente a través da aplicación informática.

## 10. PARTES DE NÓMINA NO PAGAMENTO DELEGADO.

a) A través da aplicación “centrosprivados” á persoa responsable da sección de centros da xefatura territorial correspondente da Consellería competente elaborará o ficheiro dos partes de alta, baixa, trienios, altas e baixas nos complementos de dirección e xefatura de estudos, permisos por nacemento, altas de substitutos, e as retencións contempladas nesta Circular que se xeran cada mes.

b) O ficheiro ou ficheiros elaboraranse como data límite o día de cada mes que se fixe no calendario anual que se publicará na aplicación informática excluindo unicamente aqueles partes que considere que teñen indicios de ilegalidade.

c) O CIXTEC elaborará a nómina dos centros privados concertados coas modificacións propostas pola xefatura territorial da Consellería competente, e comunicará, se é o caso, aqueles partes que non puideron ser tramitados.

d) Os centros educativos terán de prazo ata o 15 de cada mes para xustificar documentalmente ante a xefatura territorial as propostas de altas, baixas ou modificacións que propuxeron a través da aplicación informática.

e) As xefaturas territoriais, a través das seccións de nóminas, efectuarán as retencións na nómina que procedan cando os centros educativos non achegaran a documentación xustificativa correspondente ou esta fose insuficiente.

f) A Aplicación informática xestionará altas, baixas e modificacións cos seus correspondentes atrasos, pero non xestionará reintegros que deberán, cando sexa o caso, efectuarse polas unidades de nóminas das xefaturas territoriais.

g) A alta no pagamento delegado do persoal docente esixirá a súa habilitación previa, agás os supostos nos que non se ten que solicitar, previstos no artigo terceiro da Orde do 22 de xullo de 2020 (DOG 12 de agosto) e demais normativa complementaria, nos casos de horas de función directiva asignadas á persoa directora do centro ou nos supostos contemplados no parágrafo cuarto do apartado 1.5 desta Circular.



Sen prexuízo do anterior, a xefatura territorial da Consellería competente poderá autorizar a alta en nómina dun docente que non posúa a correspondente habilitación, cando da análise do expediente académico e tendo en conta os criterios establecidos pola Comisión Autonómica de Habilitacións se deduza que reúne os requisitos para impartir docencia na materia correspondente. A persoa interesada deberá efectuar a solicitude de habilitación no prazo previsto na Orde do 22 de xuño de 2020 e normativa complementaria.

## 11. DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DOS PARTES DE PAGAMENTO DELEGADO.

### ALTAS:

- Profesorado titular
  - a) Contrato laboral debidamente asinado.
    - Para o profesorado que xa tivese relación laboral co centro con carácter indefinido e non tivese contrato, enviarase certificación expedida polo Centro.
    - Para o persoal relixioso ou autónomo, enviarase certificación da dirección do Centro na que conste esta circunstancia.
  - b) Resolución sobre recoñecemento de alta na Seguridade Social e IDC (Informe de datos para a cotización) No caso de autónomos relixiosos, recibos de RETA e/ou SERAS, e no caos de autónomos segres, recibo de RETA.
  - c) Nos supostos nos que non se esixe habilitación, documentación acreditativa da titulación alegada ou certificación académica e dos restantes requisitos para impartir docencia.
  - d) Certificado negativo de delitos de natureza sexual da persoa traballadora.
  - e) Certificado da titularidade co número da conta no que conste o IBAN
- Profesorado substituto.
  - a) A mesma documentación que o profesorado titular.
  - b) Fotocopia do parte de baixa, ou documento acreditativo do motivo que xustifique a substitución.





## BAIXAS

- a) Resolución sobre recoñecemento de baixa na Seguridade Social (nos relixiosos e autónomos non é necesario).
- b) Escrito do traballador, nas baixas voluntarias, ou do centro, nas de finalización do contrato, especificando a data da baixa.
- c) Solicitude de liquidación de vacacións pendentes.

## COMPLEMENTO DIRECCIÓN

Copia da acta do consello escolar acreditativa do nomeamento.

## COMPLEMENTO XEFATURA DE ESTUDOS

Copia da acta do consello escolar acreditativa do nomeamento.

## CAMBIO DE ENTIDADE BANCARIA DO PROFESORADO OU NÚMERO DE CONTA

Certificado de titularidade de conta bancaria na que figure o IBAN

## PERMISO POR NACEMENTO

Resolución do INSS de recoñecemento da prestación correspondente.

## RETENCIÓN XUDICIAL

Escrito do xulgado comunicando a retención.

## RETENCIÓN DE HABERES POR FOLGA, PERMISO SEN SOLDADO, OU FALTA DE ASISTENCIA AO TRABALLO OU SANCIÓN LABORAL

Comunicación da dirección do centro na que se especifique o profesor afectado e o motivo do desconto e días ou horas a reter.

## CAMBIO DATOS PERSOAIS

Fotocopia cotexada do DNI do docente







## II. OUTROS GASTOS DE FUNCIONAMENTO

1. **PAGAMENTO.-** Os pagos que se realicen en cómputo anual aos centros non poderán exceder do módulo económico establecido na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia ou, subsidiariamente, do módulo establecido na Lei de presupostos xerais do Estado. As contías correspondentes aboaranse mensualmente aos centros educativos.
2. **XUSTIFICACIÓN.-** A persoa titular dos centros presentará, xa xefatura territorial da consellería competente, a xustificación das cantidades aboadas durante o ano natural, en concepto dos outros gastos de funcionamento, de forma conxunta e para todas as ensinanzas concertadas do centro. Esta xustificación farase achegando orixinal ou copia compulsada da certificación do acordo do Consello Escolar aprobatorio das contas, e deberá presentarse na data que fixe a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou, no se defecto, entre o 1 e o 31 de xaneiro do ano seguinte.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL. XUBILACIÓN PARCIAL

A Consellería competente en materia de educación aceptará no pagamento delegado dos centros concertados ao profesorado que se xubilara parcialmente en virtude, se é o caso, dos acordos subscritos entre a administración educativa, as organizacións empresarias e sindicais do sector, e en aplicación la lexislación laboral vixente.

### DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- ENTRADA EN VIGOR

A presente Circular entrará en vigor o día 9 de outubro de 2023

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

